

A EXPERIENCIA PARTICIPATIVA DE LODOSELO (A LIMIA)

Antonio R. Corbal
Pobo Escola de Lodoselo

A min pedíronme -exactamente foi Xan Bouzada, a mediados do mes de abril- que presentara a nosa experiencia de traballo en Lodoselo, facendo fincapé nas ideas de cultura e participación. Cando sentei a escribir algo pensei en quen serían as persoas que estades sentadas aí: que coñecen e cal é o seu interese neste tema... O local en que estaremos...

Así que pensei ¿por que lle diría que si, se, non coñecendo as respostas ás preguntas antes formuladas non é posible facer algo ben e ademais en vinte minutos?

Recapacito e lémbrome de que "o que non se publicita é que non cre en si mesmo ou non se valora" ou da miña obriga de compartir a experiencia porque é patrimonio da comunidade, non meu... Con este ánimo vou tentar empregar acertadamente este tempo co obxectivo de contar algo do que se esconde detrás do que publicitamos con "Escoita as pedras... Descubre a Galicia que non se ve". Ó mesmo tempo tratarei de integrar no relato eses dous termos: cultura e participación -que é o que se me pediu-.

Para situármonos, cómpre dicir que Lodoselo é unha localidade da Limia (no concello de Sarreaus), un máis dos moitísimos que hai neste país e que está a quedar sen xente: moi poucos nenos/as, mozos/as e -comparativamente- moitas persoas maiores.

Estes III Encontros de Cultura e Concellos tráenme á memoria aquilo que nós lle chamabamos concello, "sitio do concello", "toque para o concello"; puidera ser ese o punto de partida da nosa experiencia. Hai unha chamada e un lugar propio onde os veciños -en asemblea- tratan de resolver os asuntos da comunidade. Por aquelas terras diferenciamos este concello do "untamiento"... Pois ben, polo ano 1985 como Asociación Cultural e a partir do 1990 co Centro de Desenvolvemento Rural, un pequeno grupo de persoas tratamos de recoller esa testemuña dos concellos aber-

tos e comezamos recuperando os locais da antiga escola unitaria, pechada dende que "arrincaron" os cativos do lugar para ir á agrupación escolar.

A recuperación de festas e costumes populares (magostos, entroido...) e a introducción doutras actividades (Xornadas de Formación Popular, dobre escola ou estudos dirixidos) foron as primeiras accións encamiñadas a reanimar esa conciencia de comunidade que á nosa maneira de ver estíbese a perder; en palabras de Xan Bouzada pretendiamos o paso "da comunidade por necesidade (algo imposto: había que axudar para que despois me axudasen) á comunidade de liberdade (é un reto, unha opción)".

Hai quen considera a comunidade e o traballo comunitario como elementos vencellados a situacións de carencia, de pobreza de recursos; a comunidade como signo de debilidade, como necesidade dos débiles... Nós defendemos a idea de comunidade como valor que cómpre perseguir, como calidade relacional, como implicación, como pertenza: a comunidade existe se a xente pensa que está nela, que forma parte dela (sentirse con, compartir, poder empregar un "nós"). Hai quen vive isto como unha limitación da súa propia autonomía e busca espazos máis anónimos onde predomine a indiferencia que posibilite conductas ou hábitos que nunha pequena localidade poden ser considerados "desviados", perigosos para a comunidade. Se conxugamos o sentido que temos de comunidade e a nosa capacidade de convivencia entenderemos que -se os dous son altos- aceptaremos as diferencias.

Entendemos que o desenvolvemento dunha comunidade depende destes catro elementos:

1. Identidade, que ten que ver con ter unha historia, poder situar a propia realidade entre o pasado e o futuro e integrar na realidade esta historia e o novo proxecto.
2. Recursos e competencias. Un dos primeiros recursos ten que ser o de recoñecer as propias necesidades e despois contar coa capacidade suficiente para afrontalas e satisfacelas. Temos como máxima que o "necesario ten que ser posible" (A. Gandoy).

3. Poder para facer cousas. Poder baseado na participación. Responsabilidade para asumir que as cousas que hai que facer hai que facelas entre todos/as.
4. Autoestima. Unha comunidade con recursos e con sensación de poder decidir sobre os seus problemas é, en principio, unha comunidade cunha autoestima alta. A consecuencia do contrario é a parálise.

Parece que eu mesmo necesito alento para animar á práctica participativa, pero é que os meus veciños/as foron testemuñas -coma min- de que case todo aquilo en que participaran e a súa cultura -un estilo de vida que é a reconquista da vida cotiá como ámbito de realización persoal- eliminouse da súa presenza. Xuntámonos para meter a auga corrente nas casas, facer primeiro as beirarrúas e despois botar formigón nos camiños para evitar o bulleiro... e de súpeto sen consultar con ninguén veñen os politiquiños ou partidistas que lles cadre e con toda a maquinaria... rómpese todo (encanamentos, camiños...) para facelos de novo. ¿En que imos participar se todo aquilo que sabiamos e aprendemos dos nosos pais non nos vale e ata nos delata negativamente? Se mesmo a paisaxe humanizada do noso contorno -cunha parcelaria salvaxe- foi borrada, ¿que imos expresar se o sentimento é que quedamos sen ser ninguén? Porque, quen esquece a súa historia perde a súa identidade.

Entendemos que na medida en que o home/muller -integrándose nas condicións do seu contexto de vida- reflexiona sobre elas e achega respostas ós desafíos que se lle formulan, está a crear cultura. Non esquezamos que cultura aplicábase á labranza do chan, tamén a aquilo que cohesiona á xente nun todo e que se manifesta como resultado e estímulo do desenvolvemento social; ou a aplicación do espírito a unha cousa e o estado alcanzado por unha persoa como resultado dun proceso educativo; sempre algo diferente á natureza, feito polas persoas.

Sabedores de que a cultura expresa un estilo de ser, de facer e de pensar que se foi adquirindo a través da historia; sabedores da soidade dos nosos maiores pero tamén conscientes do descoñecemento social da realidade rural e natural, da perda de identidade

cultural, da reestructuración e do cambio nos modelos de produción, puxemos en marcha o *pobo escola* -seguramente o programa máis coñecido da nosa experiencia-. O *pobo escola* vén a ser un museo vivo: o importante son as persoas (non tanto os obxectos), compartir o presente e o futuro -o proxecto- sen esquecer o pasado onde se enraíza a nosa identidade cultural.

Ben, non esquezades o enfoque que temos: Calquera actividade, obradoiro... sempre coa particularidade da participación dos veciños/as e coa máxima de aproveitar as funcións educativas do medio; non pretender tanto ensinarlles cousas ós que veñen, senón invitalos a sentir; que teñan vivencias que despois lembren; educar no respecto mediante o coñecemento, e, sobre todo o sentimento.

Pensade que isto significou que se foran recuperando lugares da localidade: forno comunitario, escola, casa rectoral, lavadoiro, forxa... Este ir facendo é unha moi boa maneira de dicir as cousas e ademais facer xuntos, conquistando o protagonismo (isto é moi diferente a consumir o que outros nos fan). Pero ¡jollo! Tampouco vaia- des idealizar o asunto; xurdiron francotiradores dende todos os sitios: os partidos políticos, os caciques, os envexosos...

Durante séculos contou moito o grupo, a comunidade... e pouco a persoa individual; agora a persoa vaise facendo máis importante e ninguén quere ser unha peza da máquina social; a participación necesita do grupo porque asociados aumentan as posibilidades de intervir operativamente na realidade. Ademais só hai desenvolvemento cando a propia xente protagoniza os procesos; eu comparto a idea de que o egoísmo do individuo non supón un beneficio público como nos vende o liberalismo salvaxe.

Nada hai tan decisivo para o ser humano como a compañía e o trato coas persoas; e resulta que o medio rural, que hoxe aparece como moda para uns, é para moitos -especialmente para os nosos maiores- vital, pero, ó mesmo tempo, onde se respira soidade e marxinação. Por iso e dende hai -case- tres anos leva funcionando o "comedor social" e agora temos rematada unha "vivenda comunitaria" -a túa outra casa- para que a nosa xente poida facerse vella no seu contorno.

Quero aproveitar para denunciar a pouca sensibilidade administrativa para encaixar este tipo de actuacións moi específicas para o medio rural. Haberá que consolarse pensando que só as prácticas sociais alternativas cambian a realidade; as administracións normalmente non as cambian, senón que son transformadas pola realidade xa cambiada.

Tamén para facer un chamamento a que se conciba o desenvolvemento rural como unha opción social. O desenvolvemento rural necesita unha acción pública profunda; de dirección, estímulo, apoio e financiamento; non esquezamos que o medio rural cumpre un importante papel para o conxunto dos cidadáns. O medio rural non pode vivir sen agricultores e gandeiros; o outro virá despois e non ó revés, como se está a facer. ¿En que se converteu o desenvolvemento rural? En desenvolvemento da miseria (as faragullas da UE: non chega ó 5% dos fondos). A miseria do desenvolvemento é que xestionar a subvención é máis importante que xestionar a terra.

Por todo isto é necesaria unha cultura de alianzas entre o campo e a cidade, entre os produtores e os consumidores porque na medida en que afrontemos este desafío somos esperanza; unha sociedade culta para min debe establecer, como obxectivo ineludible, o desenvolvemento conxunto de todas as persoas e de toda a persoa. Pero, non hai camiño feito para a transformación, a transformación é o camiño. E para transformar hai que participar porque só participando se aprende a participar.

Con este ánimo convidovos a que veñades á Limia coñecer in situ "Escoita as pedras... Descubre a Galicia que non se ve" porque está claro que eu teño un sentimento vivo destas cousas e falo delas con calor; neste momento non sei se esta calor foi comunicativa.